- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, elección de tempo, fraseo, control do son.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

2º trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.

- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo etc.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

3er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, uso do pedal, tempo e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo. calidade do son...
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.
- Será imprescindible que o alumno toque polo menos unha vez en público durante o curso.

N.B. No que se refire á temporalización do repertorio traballado, cada docente a distribuirá, ó longo do curso académico, tendo en conta a gran variedade de obras existentes dentro da literatura pianística en canto esixencias musicais, técnicas e de duración, adaptándoas ó ritmo de aprendizaxe de cada alumno, o que quedará reflectido no seguimento individualizado que o titor fai de cada un deles (libro do profesor).

Procedementos de avaliación

Avaliación inicial:

Infórmanos das capacidades do alumno có que imos traballar.

Avaliación procesual:

Permite observar e valorar os cambios que se producen na aprendizaxe, detectar as

posibles dificultades e poñerlles remedio.

Avaliación final:

Realízase ao final de curso.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

Nos Graos elemental e profesional, os profesores avalían aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación:

- **Avaliación puntual.** O profesor realizará as probas de seguemento que estime oportunas, coa periodicidade que mellor se adapte ao desenvolvemento do alumno, tanto no contexto da aula, como en formato de audición.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenvolvemento das destrezas musicais e instrumentais do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madureza indispensables para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10, sen decimais.

Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo,

creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Hábito de traballo, constancia, interese, implicación, e preparación responsable ante o acto de tocar...etc.. **10%**.

-Criterios de interpretación en público:

Interpretación e coñecemento da práctica instrumental en público atendendo aos requerimentos do control escénico. **10%**

Avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e, polo tanto, a asistencia regular ás clases.

O alumno ó que non se lle poda aplicar unha avaliación continua por non asistir regularmente ás clases, terá dereito a realizar un exame que será acordado polo profesor. Consistirá nos seguinte puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

1. O alumno deberá interpretar un programa en concordancia cos contidos mínimos esixibles para o curso e nivel de que se trata, como se establecen na programación.
2. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para o curso.
3. O repertorio presentado a exame, será de nivel de dificultade equivalente ó expresado na lista orientativa de obras, que se indican na programación para o seu curso.

Sen prexuízo do anterior, o alumno terá a posibilidade de se presentar, ó final do trimestre en curso, a recupera-la materia perdida, co obxectivo de poderse reincorporar á avaliación continua, é dicir, poder volver a asistir ás clases regulares semanais no que reste de curso.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probas extraordinarias**.

Probos extraordinarios

A proba extraordinaria consistirá:

1. Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos.
2. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.
3. Os criterios de avaliación e a súa cuantificación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Criterios para a ampliación de matrícula

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias.

No Departamento de Tecla, os profesores tutores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido a perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

Atención a diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os

estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de lecer, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá aplicar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
2. Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

Grao profesional 6º Curso

O deseño dos currículos dos Graos Elemental e Medio dun ensino instrumental ha de cubrir o período de formación máis decisivo da educación dun intérprete. No caso do piano, tanto o carácter de solista que é propio do instrumento como o abundante repertorio de gran factura que esixe o seu estudo, fan aínda máis palpable a evidencia desta afirmación.

O Grao Profesional é o período onde o dominio da técnica instrumental debe quedar

practicamente resolto, así mesmo, o desenvolvemento das capacidades estéticas, debe chegar a discernir con claridade épocas, autores e estilos básicos dentro dos convenios interpretativos ao uso. É tamén o momento de desenvolver un hábito de estudo suficiente en número de horas, e eficiente en canto á súa distribución e aproveitamento. A música debe entenderse como un modo de expresar dunha parte sentimentos e sensacións, pero tamén, e iso é moi importante, como unha linguaxe, cunha estética e características propias, dentro dos parámetros de temporalidade e especialidade que lle son connaturais. Percibir todo isto, implica adoptar un compromiso artístico que, ao termo desta fase, debería ser claro e posibilitar o ulterior desenvolvemento dunha verdadeira personalidade como interprete.

A educación do músico, tanto interprete como compositor, debe pasar necesariamente, por unha toma de conciencia da necesidade dunha bagaxe cultural interdisciplinar, e de moitas horas diarias de dedicación ao cultivo da técnica. A formación dun pianista non debe ser insensible a esta realidade, e os Graos Elemental e Profesional teñen como obxectivo conseguir, en última instancia, sentar as bases sólidas para posibilitar a maduración artística que se reserva ao Grao Superior.

O **grao profesional** ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Grao profesional:

- Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar a calidade da música.
- Coñecer os valores da música.
- Participar en actividades de animación musical e cultural.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

- Coñecer e valorar o patrimonio musical, como parte do patrimonio histórico e cultural.
- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e a do galego en particular, como medio no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Obxectivos específicos:

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.
- Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.
- Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.
- Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición.
- Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Obxectivos

- Perfeccionar todos os tipos de ataques.
- Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un



aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.

- Perfeccionar os estudos dos pedais en todos os períodos.
- Incrementar o adestramento da memoria.
- Profundar nas audicións críticas.
- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso: *Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de polgar: escalas e arpejos. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso do pulso, antebrazo e brazo: execución de acordes. Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.*
- Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Práctica de arpejos. en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Perfeccionamento de todos os tipos de ataques.
- Perfeccionamento dos estudos dos pedais en todos os períodos.
- Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenvolvemento da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.
- Consolidación dun nivel de madurez técnico e musical que permita abordar estudos de grao superior.
- Incremento do adestramento da memoria.
- Afondamento das audicións críticas.
- Participación en audicións públicas.

Contidos mínimos

- O alumno interpretará, polo menos, 1 estudo (a tempo, con ductilidade dinámica,



expresión e virtuosidade), 1 obra barroca, 1 obra clásica, 1 obra romántica e 1 obra moderna. Exercicios , escalas e arpejos. indicados polo titor.

- Polo menos **interpretarase* 3 obras de memoria**, podendo ser unha delas un estudo. Aceptarase tamén un movemento da Sonata como obra a memorizar. *Cómpre aclarar que “**interpretar**” música ao piano, require chegar á síntese dunha diversidade de facetas, que inclúen: 1) o desenvolvemento das destrezas técnicas necesarias para a correcta execución de cada obra, 2) autocontrol (e compostura ante o acto de tocar), 3) amosar expresividade e capacidade comunicativa e, finalmente, 4) o coñecemento das convencións interpretativas propias de cada estilo, xénero, e mesmo, compositor. En definitiva, a interpretación pianística vai máis aló que unha mera lectura superficial do repertorio asignado, e precisa cultivar a constancia (hábitos de práctica diaria e meticolosa, sostidos ó longo de semanas e meses). Será responsabilidade do profesor, estimar o momento cando cada alumno estea preparado para **interpretar** música en público.
- O alumno participará, polo menos, nunha audición durante o curso, interpretando unha peza, ou escolleita, do repertorio traballado, sempre coa autorización previa do profesor, actividade que forma parte do proceso de avaliación.
- ***Por ser o último curso de Grao profesional os alumnos ofrecerán un recital de memoria, de media hora de duración, con polo menos 3 obras do repertorio do curso.***
-

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras *orientativa* do nivel esixido

Importante:

Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

6º Grao profesional

Obras didácticas:

- Estudos de virtuosismo e estudos para a man esquerda, Moszkowsky opus 72,

Macdowell, opus39

- Estudos Op.740 e 365, Czerny, Cramer, Kullak...
- Estudos de Mendelssohn, Chopin, Liszt (de concerto)
- Gradus ad Parnassum, Clementi.
- Douze études Debussy, Scriabin opus8, Rachmaninoff opus33, Casella opus 70

Obras barrocas:

- Clave ben temperado, ou Suites, Toccatas, partitas de J.S. Bach.
- Suites, Haendel.

Obras clásicas:

- Sonatas y variacións, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas:

- Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas:

- Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, Groba, Bartok etc.

Criterios de avaliación

1er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

2º trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo etc.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

3er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar as obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo, tempo, calidade do son...
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.
- Será imprescindible que o alumno toque polo menos unha vez en público durante o curso.
- Demostrar autonomía no emprego dos recursos técnicos adquiridos en cursos anteriores.
- Demostrar criterios de interpretación persoais en coherencia co estilo e a época.
- Afrontar un recital como solista.
- Ser capaz de efectuar unha autocrítica madura do propio rendemento interpretativo

en función do esforzo realizado e do estudo.

- Prepararse para facer unha posible proba de acceso ao Grao Superior.

N.B. No que se refire á temporalización do repertorio traballado, cada docente a distribuirá, ó longo do curso académico, tendo en conta a gran variedade de obras existentes dentro da literatura pianística en canto esixencias musicais, técnicas e de duración, adaptándoas ó ritmo de aprendizaxe de cada alumno, o que quedará reflectido no seguimento individualizado que o titor fai de cada un deles (libro do profesor).

Procedementos de avaliación

Avaliación inicial:

Infórmanos das capacidades do alumno có que imos traballar.

Avaliación procesual:

Permite observar e valorar os cambios que se producen na aprendizaxe, detectar as posibles dificultades e poñerlles remedio.

Avaliación final:

Realízase ao final de curso.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

Nos Graos elemental e profesional, os profesores avalían aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación:

- **Avaliación puntual.** O profesor realizará as probas de seguimento que estime oportunas, coa periodicidade que mellor se adapte ao desenvolvemento do alumno, tanto no contexto da aula, como en formato de audición.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenvolvemento das destrezas musicais e instrumentais do

alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madureza indispensables para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10, sen decimais.

Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Hábito de traballo, constancia, interese, implicación, e preparación responsable ante o acto de tocar...etc.. **10%**.

-Criterios de interpretación en público:

Interpretación e coñecemento da práctica instrumental en público atendendo aos requirimentos do control escénico. **10%**

Avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e, polo tanto, a asistencia regular ás clases.

O alumno ó que non se lle poda aplicar unha avaliación continua por non asistir regularmente ás clases, terá dereito a realizar un exame que será acordado polo profesor.

Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

1. O alumno deberá interpretar un programa en concordancia cos contidos mínimos esixibles para o curso e nivel de que se trata, como se establecen na programación.
2. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o

grao de cumprimento dos obxectivos programados para o curso.

3. O repertorio presentado a exame, será de nivel de dificultade equivalente ó expresado na lista orientativa de obras, que se indican na programación para o seu curso.

Sen prexuízo do anterior, o alumno terá a posibilidade de se presentar, ó final do trimestre en curso, a recupera-la materia perdida, co obxectivo de poderse reincorporar á avaliación continua, é dicir, poder volver a asistir ás clases regulares semanais no que reste de curso.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probos extraordinarias**.

Probos extraordinarias

A proba extraordinaria consistirá:

1. Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos.
2. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.
3. Os criterios de avaliación e a súa cuantificación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Atención a diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de lecer, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá aplicar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
2. Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

Procedementos de avaliación e seguimento da programación.

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

Procedementos para a avaliación interna do departamento.

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.

Comentásense regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe,

flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica. Desta banda a avaliación incluírá no so o análise dos resultados, e da consecución dos obxectivos programados, si non tamén o análise do grao de compromiso, implicación e diálogo cos profesores, dos responsables do centro en xeral e de a administración en particular, no proceso educativo dos alumnos deste departamento.

A clase colectiva

Puntos básico a desenvolver.

1. Sintaxe musical. Memorización e análise
2. Práctica instrumental en conxunto
3. Desenvolvemento da creatividade
4. Conciencia corporal
5. Formación do oído

1. LECTURA

1º GE

Obxectivos

- Iniciar a práctica da lectura a vista, tanto en textos homofónicos como polifónicos.
- Adaptarse a ter ante si dous pentagramas con dúas claves distintas.
- Desenvolver a capacidade de síntese e automatismos.
- Iniciar a práctica da lectura interválica.
- Tomar conciencia do pulso interior.
- Desenvolver progresivamente o hábito de tocar os textos musicais de forma continua.

Contidos

- Familiarización coas figuras básicas redonda, branca, negra e corchea e os seus respectivos silencios.

- Utilización dos compases de subdivisión binaria mais frecuentes: 2/4, 3/4 e 4/4.
- Inclusión das indicacións dinámicas: F e P
- Práctica de diferentes articulacións: legato e non legato.
- Iniciación da lectura interválica con distancias de 2^a, 3^a, 4^a e 5^a, mantendo a man en posición fixa.
- Lectura con progresivo grado de dificultade de exercicios rítmicos, ostinatos, cánones e exercicios melódicos en posición fixa en relación cos contidos anteriores.

Material orientativo:

- “Paso a paso I”, de Sebastián Mariné.
- “Premières lectures pour le piano”, de Jaques Capuis
- “20 “quarts d’heure” de lecture à vue au piano” de Albert Jeanneret.
- “El piano a primeira vista. Elemental. 1er curso” de Benjamín Santacana
- “Clase colectiva de piano vol. 1” de Eva Malía

2º GE

Obxectivos

- Continuar desenvolvendo o hábito de ler a vista, tanto textos homofónicos como polifónicos.
- Familiarizarse coa práctica da lectura simultánea a dúas claves distintas.
- Continuar mellorando a capacidade de síntese e automatismos.
- Afianzar a práctica da lectura interválica.
- Tomar conciencia do pulso interior.
- Desenvolver progresivamente o hábito de tocar os textos musicais de forma contínua.

Contidos

Presupose o traballo dos contidos do curso anterior e engádense os seguintes:

- Familiarización cos ritmos: dúas corcheas, tres, negra con punto, negra-corchea

- Utilización dos compases de subdivisión ternaria mais frecuentes: 3/8 e 6/8.
- Inclusión das indicacións dinámicas: mf e mp.
- Práctica de diferentes articulacións.
- Ampliación da intervállica de lectura ata a 6^a.
- Lectura con progresivo grado de dificultade de exercicios rítmicos, ostinatos, cánones e exercicios melódicos, en posición fixa en relación cos contidos anteriores.

Material orientativo:

- “Paso a paso II”, de Sebastián Mariné.
- “Premières lectures pour le piano”, de Jaques Capuis
- “20 “quarts d’heure” de lecture à vue au piano” de Albert Jeanneret.
- “El piano a primera vista. Elemental. 2º curso” de Benjamín Santacana
- “Clase colectiva de piano vol. 2” de Eva Malía

3º GE

Obxectivos

- Afianzar a soltura no hábito de ler a vista, tanto textos homofónicos como polifónicos.
- Adquirir un certo grado de soltura na lectura simultánea a dúas claves distintas.
- Continuar desenvolvendo a capacidade de síntese e automatismos.
- Consolidar a práctica da lectura intervállica.
- Afianzar o sentido rítmico interno.
- Realizar os exercicios de lectura a vista mantendo a continuidade do discurso.

Contidos

Presuponse o traballo dos contidos dos cursos anteriores, engadíndose os seguintes:

- Familiarización cos ritmos: corchea-negra-corchea, silencio corchea-corchea,

semicorcheas, sínkopas e contratempos.

- Utilización de todos os compases de subdivisión binaria e ternaria.
- Inclusión do crescendo e o diminuendo.
- Práctica de esforzandos e acentos.
- Ampliación da intervállica de lectura ata a 7ª e a 8ª.
- Lectura con progresivo grado de dificultade de exercicios rítmicos, ostinatos, cánones e exercicios melódicos , en posición fixa en relación cos contidos anteriores.

Material orientativo:

- “Paso a paso III”, de Sebastián Mariné.
- “El piano a primera vista. Elemental. 3º curso” de Benjamín Santacana
- “Clase colectiva de piano vol. 3” de Eva Malía
- “Ejercicios de repentización y transporte”

4º GE

Obxectivos

- Consolidar a soltura no hábito de ler a vista, tanto textos homofónicos como polifónicos.
- Afianzar a soltura na lectura a dúas claves distintas.
- Continuar desenvolvendo a capacidade de síntese e automatismos.
- Consolidar a práctica da lectura intervállica.
- Afianzar o sentido rítmico interno.
- Realizar os exercicios de lectura a vista mantendo a continuidade do discurso.

Contidos

Presuponse o traballo dos contidos dos cursos anteriores, engadíndose os seguintes:

- Familiarización cos grupos de valoración especial: tresillo. Combinación cos

elementos anteriores.

- Utilización de todos os compases de subdivisión binaria e ternaria.
- Inclusión de todas as indicacións dinámicas.
- Práctica de acentos e esforzandos.
- Familiarización cos cambios de posición na lectura a vista.
- Práctica de cambios de compás dentro do mesmo exercicio.
- Lectura con progresivo grado de dificultade de exercicios rítmicos, ostinatos, cánones e exercicios melódicos, en posición fixa en relación cos contidos anteriores.

Material orientativo:

- “Paso a paso IV”, de Sebastián Mariné.
- “El piano a primera vista. Elemental. 4º curso” de Benjamín Santacana
- “Clase colectiva de piano vol. 4” de Eva Malía
- “Ejercicios de repentización y transporte”

2. SINTAXE MUSICAL. MEMORIZACIÓN E ANÁLISE

1º GE

Obxectivos

- Tomar conciencia do pulso e asimilalo.
- Desenvolver a sensibilidade tonal, comezando co intervalo de 5ª e seguindo polo de 3ª.
- Asociar as distancias no teclado coas distancias sonoras.
- Comprender e levar á práctica o concepto de dominante e tónica.
- Conseguir unha aprendizaxe significativa nos seguintes aspectos musicais: tonalidade, modalidade, pentacordio, imitación, pregunta - resposta e canon.
- Identificar as frases e as semifrases do discurso musical.
- Presentar a cadencia perfecta.

Contidos

- Desenvolvemento dos reflexos necesarios para que na medida do posible o pulso non se vexa alterado, interrompindo o discurso musical. (Interiorización do pulso.)
- Recoñecemento das sonoridades de tónica e dominante.
- Fomento das capacidades de asimilación, concentración e memoria.
- Asimilación auditiva do canon e da imitación.
- Análise de pequenas pezas musicais.
- Práctica da cadencia perfecta.

Metodoloxía

Partir sempre da sensación auditiva e da imitación antes que da lectura.

2º GE

Obxectivos

- Continuar traballando a conciencia do pulso e asimilalo.
- Desenvolver a sensibilidade tonal, en todos os intervalos.
- Superar o ámbito da posición dos 5 dedos.
- Traballar o concepto de dominante e tónica con diferentes patrones de acompañamento. Engadir o IV grao.
- Conseguir unha aprendizaxe significativa nos seguintes aspectos musicais: tonalidade, modalidade, pentacordio, imitación, pregunta resposta e canon.
- Identificar as frases e as semifrases do discurso musical.
- Presentar a cadencia plagal e consolidar a perfecta.

Contidos

- Desenvolvemento dos reflexos necesarios para que na medida do posible o pulso non se vexa alterado, interrompindo o discurso musical. (Interiorización do pulso.)
- Recoñecemento das sonoridades de tónica e dominante.
- Fomento das capacidades de asimilación, concentración e memoria.
- Asimilación auditiva do canon e da imitación.
- Análise de pequenas pezas musicais.



- Práctica das cadencias perfectas e plagais.

3º GE

Obxectivos

- Tomar conciencia do pulso e asimilalo.
- Desenvolver a sensibilidade tonal, comezando co intervalo de 5ª e seguindo polo de 3ª.
- Comprender e levar á práctica o concepto de dominante, subdominante e tónica.
- Conseguir unha aprendizaxe significativa nos seguintes aspectos musicais: tonalidade, modalidade, pentacordio, imitación, pregunta resposta e canon.
- Identificar as frases e as semifrases do discurso musical.
- Presentar a cadencia rota e a semicadencia. Afianzar as perfectas e as plagais.

Contidos

- Desenvolvemento dos reflexos necesarios para que na medida do posible o pulso non se vexa alterado, interrompindo o discurso musical. (Interiorización do pulso.)
- Recoñecemento das sonoridades de tónica, subdominante e dominante.
- Fomento das capacidades de asimilación, concentración e memoria.
- Asimilación auditiva do canon e da imitación.
- Análise de pequenas pezas musicais de dificultade crecente.
- Práctica das cadencias: perfecta, plagal, semicadencia e rota.

4º GE

Obxectivos

- Tomar conciencia do pulso e asimilalo.
- Desenvolver a sensibilidade tonal, comezando co intervalo de 5ª e seguindo polo de 3ª.
- Comprender e levar á práctica o concepto de dominante e tónica.
- Conseguir unha aprendizaxe significativa nos seguintes aspectos musicais:

tonalidade, modalidade, pentacordio, imitación, pregunta resposta e canon.

- Identificar as frases e as semifrases do discurso musical.
- Empregar as diferentes cadencias musicais.

Contidos

- Desenvolvemento dos reflexos necesarios para que na medida do posible o pulso non se vexa alterado, interrompindo o discurso musical. (Interiorización do pulso.)
- Recoñecemento das sonoridades dos grupos de tónica, subdominante e dominante.
- Fomento das capacidades de asimilación, concentración e memoria.
- Asimilación auditiva do canon e da imitación.
- Afianzamento no análise de pequenas pezas musicais.
- Práctica de diferentes cadencias musicais con soltura.

3. PRÁCTICA INSTRUMENTAL EN CONXUNTO

1º GE

Obxectivos

- Ofrecer ó estudante un repertorio fácil e variado, no que teñan cabida tódolos xéneros musicais posibles.
- Introducir materiais de práctica de conxunto que se poidan aprender directamente sobre o instrumento, sen necesidade de lectura.
- Estimular no estudante a percepción estrutural e a identificación de patróns musicais que lle faciliten a futura comprensión da sintaxe musical.
- Interpretar pezas en grupo de xeito lúdico, tomando conciencia da importancia do grupo á hora de facer música, en contraposición á interpretación individual.
- Desenvolver no estudante a capacidade auditiva para escoitar ó outro ó tempo que toca.
- Participar en audicións onde se amose o traballo realizado na clase.

Contidos

- Iniciación na autoescoita como base de toda interpretación musical.
- Iniciación á audición activa, como medio para comprender e facer comprender a

música, tanto ó intérprete coma ó ouvinte.

- Adquisición progresiva da capacidade para integrarse nun todo.
- Control primario da topografía do teclado.
- Traballo comprensivo a través da execución de pequenas estruturas musicais.
- Realización de actividades con público.

2º G. E.

Oxectivos

- Ofrecer ó estudante un repertorio fácil e variado, no que teñan cabida tódolos xéneros musicais posibles.
- Introducir materiais de práctica de conxunto que se poidan aprender directamente sobre o instrumento, sen necesidade de lectura.
- Estimular no estudante a percepción estrutural e a identificación de patróns musicais que lle faciliten a futura comprensión da sintaxe musical.
- Interpretar pezas en grupo de xeito lúdico, tomando conciencia da importancia do grupo á hora de facer música, en contraposición á interpretación individual.
- Desenvolver no estudante a capacidade auditiva para escoitar ó outro ó tempo que toca.
- Participar en audicións onde se amose o traballo realizado na clase.
- Introducir materiais de práctica de conxunto nos que o alumno teña que ler (a vista ou traballando previamente na casa).

Contidos

- Profundización progresiva na autoescoita como base de toda interpretación musical.
- Profundización progresiva na audición activa, como medio para comprender e facer comprender a música, tanto ó intérprete coma ó ouvinte.
- Adquisición progresiva da capacidade para integrarse nun todo.
- Control mais amplo da topografía do teclado.
- Traballo comprensivo a través da execución de estruturas musicais.

3º G. E.

Obxectivos

- Ofrecer ó estudante un repertorio fácil e variado, no que teñan cabida tódolos xéneros musicais posibles.
- Introducir materiais de práctica de conxunto que se poidan aprender directamente sobre o instrumento, sen necesidade de lectura.
- Estimular no estudante a percepción estrutural e a identificación de patróns musicais que lle faciliten a futura comprensión da sintaxe musical.
- Interpretar pezas en grupo de xeito lúdico, tomando conciencia da importancia do grupo á hora de facer música, en contraposición á interpretación individual.
- Desenvolver no estudante a capacidade auditiva para escoitar ó outro ó tempo que toca.
- Participar en audicións onde se amose o traballo realizado na clase.
- Introducir materiais de práctica de conxunto nos que o alumno teña que ler (a vista ou traballando previamente na casa).

Contidos

- Profundización progresiva na autoescoita como base de toda interpretación musical.
- Profundización progresiva na audición activa, como medio para comprender e facer comprender a música, tanto ó intérprete coma ó ouvinte.
- Adquisición progresiva da capacidade para integrarse nun todo.
- Control mais amplo da topografía do teclado.
- Traballo comprensivo a través da execución de estruturas musicais máis complexas.

4ª G.E.

Obxectivos



- Ofrecer ó estudante un repertorio fácil e variado, no que teñan cabida tódolos xéneros musicais posibles.
- Introducir materiais de práctica de conxunto que se poidan aprender directamente sobre o instrumento, sen necesidade de lectura.
- Estimular no estudante a percepción estrutural e a identificación de patróns musicais que lle faciliten a futura comprensión da sintaxe musical.
- Interpretar pezas en grupo de xeito lúdico, tomando conciencia da importancia do grupo á hora de facer música, en contraposición á interpretación individual.
- Desenvolver no estudante a capacidade auditiva para escoitar ó outro ó tempo que toca.
- Participar en audicións onde se amose o traballo realizado na clase.
Introducir materiais de práctica de conxunto nos que o alumno teña que ler (a vista ou traballando previamente na casa)

Contidos

- Profundización progresiva na autoescola como base de toda interpretación musical.
- Profundización progresiva na audición activa, como medio para comprender e facer comprender a música, tanto ó intérprete coma ó ouvinte.
- Adquisición progresiva da capacidade para integrarse nun todo.
- Control mais amplo da topografía do teclado.
- Traballo comprensivo a través da execución de estruturas musicais máis complexas.

4. DESENVOLVEMENTO DA CREATIVIDADE

1º G.E.

Obxectivos

- Achegarse ó piano dun xeito experimental, lúdico e desinhibido.
- Aprender a sentir o piano como un medio a través do cal expresarse, desenvolvendo a propia fantasía (imaxinación creativa)
- Despertar a curiosidade e o gusto pola innovación.
- Comezar a recoñecer as grafías non tradicionais e a súa aplicación práctica no



piano, como búsqueda de novos efectos sonoros.

- Exploración e exteriorización da propia personalidade creadora mediante a improvisación (no sentido máis amplo posible: melódica, armónica, rítmica, tímbrica, libre, ...)
- Comezar a improvisar pequenos textos melódicos.
- Comprender os sustentos necesarios dende os que realizar unha improvisación armónica.

Contidos

- Creación de ostinatos e células rítmicas.
- Improvisación melódica: motivos musicais, semifrases e frases de ata 8 compases en posición fixa, empregando teclas negras ou escalas de ata unha alteración segundo os seguintes parámetros orientativos:
- Figuras básicas redonda, branca, negra e corchea e os seus respectivos silencios.
- Utilización dos compases de subdivisión binaria máis frecuentes: 2/4, 3/4 e 4/4.
- Inclusión das indicacións dinámicas: F e P
- Práctica de diferentes articulacións: legato e non legato.
- Improvisacións armónicas: acompañamento de melodías dadas ou improvisadas polos alumnos, empregando os acordes de I e V.
- Experimentación con algunhas das grafías non tradicionais: clusters, tonlos, notación espacial.
- Búsqueda das posibilidades tímbricas do instrumento, tanto dentro como fora do teclado: accionamiento directo dentro do arpa, golpes na madeira, preparación do arpa con diversos materiais...
- Creación da imaxe estética da música. Asociación da música que se toca ou se escoita coas propias emocións e pensamentos a través de exercicios como:
- Invención de letras de pequenas obras para piano.
- Caminar, bailar, debuxar a música.
- Improvisación medio-libre de elementos dados nas que só se poden empregar

ditos elementos pero tratados dentro dunha gran liberdade (amplitude de rexistro, matices, articulacións,...).

- Libre improvisación con un carácter prefixado ou suxerido por un relato, a visión dun debuxo ou pintura.
- Interpretación de diversos caracteres prefixados sobre un material proposto.
- Creación de contos musicais sinxelos nos que se asociará todo movemento no piano a unha idea, personaxe, sensación.

Material orientativo:

- “Piano colectivo G.E. 1º curso” de Emilio Molina
- “Clase colectiva de piano vol. 1” de Eva Malía

2º G.E.

Obxectivos

- Achegarse ó piano dun xeito experimental, lúdico e desinhibido.
- Sentir o piano como un medio a través do cal expresarse, desenvolvendo a propia fantasía (imaxinación creativa)
- Despertar a curiosidade e o gusto pola innovación.
- Experimentar coas graffas non tradicionais e a súa aplicación práctica no piano, como búsqueda de novos efectos sonoros.
- Exploración e exteriorización da propia personalidade creadora mediante a improvisación (no sentido máis amplo posible: melódica, armónica, rítmica, tímbrica, libre,...)
